

CONCURSO "MASCARILLAS"

BASES

1. Están convocados a participar neste concurso todos os alumnos/as do IES Indalecio Pérez Tizón.
2. Haberá tres modalidades de participación:
 - a. Modalidade III: Primeiro ciclo da ESO
 - b. Modalidade II: Segundo ciclo da ESO e FP Básica
 - c. Modalidade I: Bacharelato e Ciclos Formativos
3. O concurso consiste en decorar unha máscara sanitaria coma se fose unha máscara de entroido. Precísase unha máscara, preferiblemente de tela, e rotuladores de tela. Pódense empregar todos aqueles materiais que se precisen para crear a máscara: purpurina, retais...
4. A máscara que se presenta a concurso debe entregarse na caixa elaborada para a ocasión, que se atopa ao carón do despacho de dirección, antes do 10 de febreiro de 2021. Non se admitirán máis traballos posteriores a esta data.
5. O/a concursante introducirá a máscara dentro dun sobre pechado. Neste sobre ten que figurar no exterior o pseudónimo co que o alumno/a se presenta ao concurso.
6. Nun sobre pequeno, pechado, introducirase o nome real do alumno/a, o curso e o pseudónimo empregado. Este sobre pequeno meterase, a súa vez, dentro do sobre no que se introduciu a máscara coa que se participa.
7. O Xurado estará formado por profesores/as do centro e a Vicedirección.
8. A decisión do xurado é inapelable e darase a coñecer o 12 de febreiro de 2021.
9. Haberá un premio por cada categoría: diploma acreditativo e un agasallo.
10. A participación neste concurso supón a aceptación de todas e cada unha das súas bases.